

SANTÍSIMO CORPO E SANGUE DE CRISTO (C)

PRIMEIRA LECTURA Xen 14, 18-20

Lectura do libro da Xénese

Naqueles días, Melquisédec, rei de Salem, presentou pan e viño, pois era sacerdote do Deus Altísimo, e bendiciu a Abrán con estas palabras: - Bendito sexa Abrán polo Deus Altísimo, que fixo ceo e terra. Bendito sexa o Deus Altísimo, que puxo os teus inimigos na túa man. Abrán deulle a Melquisédec o dezmo de todo.

SALMO RESPONSORIAL Sal 109, 1. 2. 3. 4

R/. (4bc): Ti es sacerdote para sempre conforme ó rito de Melquisédec.

Palabra do Señor ó meu Señor:
Senta á miña dereita,
mentres poño os teus inimigos
por estrado dos teus pés.

O Señor estenderá desde Sión
o cetro do poder:
domina nos teus inimigos.

Ti es príncipe desde o día do teu nacemento,
tes aura sagrada desde o seo;
xereite coma orballo antes da aurora.

O Señor xurouno, e non se arrepinte:
Ti es sacerdote para sempre
conforme ó rito de Melquisédec.

SEGUNDA LECTURA 1 Cor 11, 23-26

Lectura da primeira carta doss Apóstolo San paulo ós Corintios

Irmáns: Eu recibín do Señor, e transmitinvos tamén a vós, que o Señor Xesús, na noite en que o entregaron, colleu pan e, despois de dar gracias, partiuno e dixo: "Isto é o meu corpo, que se entrega por vós; facede isto en memoria miña". Do mesmo xeito, despois de cear, tomou a copa dicindo: "Esta copa é a Nova Alianza, no meu sangue; cada vez que a bebedes, facédeo en memoria miña". Polo tanto, cada vez que comedes este pan e bebedes desta copa, anunciáde-la morte do Señor, ata que El volva.

EVANXEO Lc 9, 11b-17

Lectura do Santo Evanxeo segundo Lucas

Naquel tempo, faláballe Xesús á xente do Reino de Deus e curaba a cantos o necesitaban. E como empezaba a cae-lo día, achegáronse os Doce e dixéronlle: - Despide a xente, para que vaian ás vilas e aldeas próximas en procura de sitio para se hospedaren e para que poidan tamén comprar algo que levar á boca, porque aquí estamos nun descampado.

Pero el replicoulles: - Dádellel vós de comer. Eles contestaron: - Pero ¿se non temos máis ca cinco bolos de pan e mais dous peixes! A non ser que vaiamos nós mercar mantenza para toda esta xente.

Eran uns cinco mil homes. Mais el díxolles ós seus discípulos: - Colocádeos en grupos de cincuenta. Dixéronllo, e sentaron todos. El, colleu os cinco bolos e mailos dous peixes, ergueu a vista ó ceo, bendiciunos, partiunos e déullelos ós discípulos, para que llelos servisen á xente. Comeron todos a fartar, e coas sobras encheron aínda doce cestas.